



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Webinario A repartición de riscos na execución dos contratos das administracións públicas e demais entidades do sector público.

CONVOCATORIA: Webinario A repartición de riscos na execución dos contratos das administracións públicas e demais entidades do sector público

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	2
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2024
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEPRESENZA	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 21/11/2024 - 09:00h ao 25/11/2024 - 23:59h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Trátase de analizar a vixente regulación da distribución de riscos na execución dos contratos administrativos e demais contratos públicos suxeitos á vixente Lei de contratos do sector público de 2017. Tamén se terá en conta, de maneira destacada, a xurisprudencia do Tribunal Supremo que, en aplicación desta, foise sucedendo ao longo de máis de cincuenta anos.

A especial transcendencia desta cuestión, de plena actualidade á vista das crises económicas que veñen sucedéndose nos últimos anos –e á que, con todo, as sucesivas leis de contratos do sector público de 2007 e de 2017 non prestaron a atención que obxectivamente reclama–, aconsella reflexionar sobre as deficiencias da regulación vixente e a conveniencia de dar paso a outra máis rigorosa e precisa das posibles excepcións ao tradicional principio do risco e ventura do contratista. Con iso dotaríase ao sistema de maiores garantías, estabilidade e seguridade xurídica. E é que, ademais de acoutar mellor as marxes da liberdade de pactos como mecanismo complementario para a asignación dos riscos ás partes contratantes, tamén podería facilitarse a superación dunha xurisprudencia que, dado o insatisfactorio marco regulatorio, queda irremisiblemente empuxada a recorrer a principios xerais (boa fe, equidade, enriquecemento inxusto, continuidade do servizo, etc.) para determinar a quen debe imputarse o risco que, cando se materializa, provoca unha maior onerosidade no cumprimento dos contratos.

DESTINATARIOS

Esta actividade está dirixida ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega, das súas entidades públicas instrumentais e da Administración institucional; da Administración local, da Administración de xustiza e das universidades do Sistema universitario de Galicia.

PROGRAMA

Temas a tratar: os indicados nos obxectivos, base primeira da convocatoria DOG desta actividade.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A admisión levarase a cabo de acordo co indicado para as persoas destinatarias na base segunda da convocatoria DOG desta actividade. A orde de selección virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes ata completar o número de prazas.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

As solicitudes de participación nesta actividade formativa só poderán realizarse mediante o formulario de matrícula telemática dispoñible no enderezo <<https://egap.xunta.gal/matricula>>.

Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade todas as persoas deberán introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo co establecido na base segunda da convocatoria respecto ás persoas destinatarias.

As persoas interesadas deberán seleccionar, en primeiro lugar, a área en que está integrada esta actividade (Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas) e despois seleccionar en nome do curso: Webinario A repartición de riscos na execución dos contratos das administracións públicas e demais entidades do sector público.

O prazo para a inscrición permanecerá aberto desde as 9.00 horas do día 21 de novembro de 2024 ata as 23.59 horas do día 25 de novembro de 2024.

3. DATOS EDICIÓNS

TELEPRESENZA

LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN

INICIO / FIN: 29/11/2024 a 29/11/2024

NUM. PRAZAS: 100

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

GERMAN FERNÁNDEZ FARRERES

LUGAR DE REALIZACIÓN

Sala telepresenza: O día 29 de novembro de 12:30 a 14:30. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>

Sala telepresenza: O día 29 de novembro de 12:30 a 14:30. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>

Sala telepresenza: O día 29 de novembro de 12:30 a 14:30. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>